



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## Decreto da Alcaldía do 28 de setembro de 2015

1. Visto o acordo de aprobación do expediente de contratación da subministración de “SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO CONCELLO DE COTOBADE” a adxudicar polo procedemento negociado sen publicidade.

2. Remíronse invitacións as empresas por parte de Barreras de Seguridad s.l., Setramur s.l. e Sebasa s.l.

3. Remitidas as ofertas por parte das empresas invitadas aprecianse os seguintes defectos:

Barreras de Seguridad s.l. propón un prazo de execución de quince días cando o prego de cláusulas administrativas marca un prazo de execución de dez días.

Sebasa s.l. presenta un sobre único contravenido a forma de presentación da documentación establecida no prego de cláusulas administrativas particulares (dous sobres pechados) e o secreto da oferta.

Setramur s.l. presenta a documentación fora do prazo establecido (vía correo ordinario 28.09.2015 sen adiamento de “fax”) cando o prazo remataba o 25.09.2015.

Visto os antecedentes anteriores

### RESOLVO:

1. Excluir do procedemento as ofertas presentadas por Barreras de Seguridad s.l., Setramur s.l. e Sebasa s.l. polos motivos que se detallan nos antecedentes da presente Resolución.

2. Declarar deserto o procedemento de licitación.

3. Dar publicidade da presente Resolución no Perfil de Contratante e notificar as empresas interesadas.

CotoBade 28 de setembro de 2015

O Alcalde

Jorge Cubela López



O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

